



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Abril 2017

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Abril 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un aumento do 6,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 6,1 puntos inferior ao do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,6%, 6,1 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 7,5% e os Outros servizos o 4,3%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,4% e en España un 2,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de abril. Galicia é a segunda comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un crecemento do 6,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 6,1 puntos menos que no mes de marzo. O índice para España amosa un aumento do 3,6% respecto ao mes de abril de 2016, 6,1 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 7,5% e achega 5,7 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,3% e achegan 1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 3,2%, 4,3 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o mesmo que en Galicia, 4,3%.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 11,5% e achega 5,9 puntos á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 19,0% e resta 1,0 puntos á taxa de variación interanual.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 1,9 puntos, cun crecemento do 5,0%; a *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 1,9% e resta 0,1 puntos.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,3%; o sector que máis contribúe a este incremento é a *Hostalería*, 0,8 puntos, cun crecemento do 19,3%. En senso contrario, no *Transporte* diminúe a facturación o 4,5%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,3%, sendo tamén a *Hostalería* o sector que máis repercute neste crecemento, 0,7 puntos. Pola contra, no sector de Información e comunicacións diminúe a facturación o 0,4%.

Nestes catro primeiros meses do ano, o índice de cifra de negocios crece un 9,7% en Galicia e un 6,6% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 15,8% e 9,2% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 8,1%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 7,9% no mes de abril. Este incremento débese principalmente á *Hostalería* que aumenta o 19,6% e achega 4,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; o *Comercio* crece un 6,8% e achega 2,8 puntos. En senso contrario, o *Transporte* diminúe un 1,2%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 9,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de abril en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Navarra (8,8%), Galicia (6,8%) e Illes Balears (6,5%). As comunidades con menores crecementsos son País Vasco (0,2%) e Murcia (0,9%).

No que vai de ano, Navarra (10,0%) Galicia (9,7%) e Madrid (9,1%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (3,7%) e Asturias (3,9%) amosan os menores crecementsos.

Índices de cifra de negocios. Abril 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,4% respecto ao mes de abril de 2016, 0,3 puntos menos que en España (2,7%).



O persoal ocupado aumenta un 2,0% no *Comercio* e un 2,8% nos *Outros servizos*. No *Comercio*, o *Comercio por xunto* achega cinco décimas á taxa de variación do índice xeral cun incremento do 3,7% e o *Comercio polo miúdo* achega catro décimas, cun incremento do 1,4%. Pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,2%).

Nos *Outros servizos*, en todos os sectores aumenta o persoal ocupado; destaca o incremento do 4,4% na *Hostalería*, co que achega sete décimas á taxa de variación do índice xeral.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos dábanse na *Hostalería* (3,9%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,4%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 1,9% e en España o 2,4%. O *Comercio por xunto* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maiores crecementos, tanto en Galicia como en España.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de abril. O maior incremento dáse en Illes Balears (6,0%) e Murcia (5,3%). Andalucía (0,9%) e País Vasco e Madrid (ambas as dúas 2,0%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

Índices de persoal ocupado. Abril 2017

Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores crecementos danse en Murcia (5,1%) e Illes Balears (4,4%) mentres que en Andalucía (1,3%) e Castilla y León e Asturias (ambas as dúas 1,7%) rexístranse os menores incrementos.

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	113,2	6,8	9,7
Comercio	117,0	7,5	11,4
Venta e reparación de vehículos de motor	80,2	-19,0	-8,1
Comercio por xunto	134,5	11,5	15,8
Comercio ao retalho	94,2	4,0	5,3
Outros servizos	100,0	4,3	4,1
Transporte	103,6	-4,5	1,1
Hostalería	102,2	19,3	5,3
Información e comunicacións	86,4	6,6	5,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	88,7	6,9	7,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	130,6	6,8	6,6
España			
Xeral	103,7	3,6	6,6
Comercio	103,0	3,2	7,1
Venta e reparación de vehículos de motor	106,3	-1,9	7,3
Comercio por xunto	107,3	5,0	9,2
Comercio ao retalho	94,2	1,7	3,3
Outros servizos	104,8	4,3	5,6
Transporte	111,0	1,7	5,3
Hostalería	112,4	12,4	5,4
Información e comunicacións	93,5	-0,4	2,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,7	5,1	8,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,3	6,8	6,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,1	7,9	7,7
Comercio	110,8	6,8	10,6
Transporte	119,4	-1,2	4,7
Hostalería	103,3	19,6	5,4
Información e comunicacións	84,1	5,6	5,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,7	6,8	7,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,7	3,2	5,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,7	3,6	6,6
Andalucía	101,5	3,1	5,8
Aragón	97,7	1,3	5,3
Asturias	92,3	2,0	3,9
Balears, Illes	114,3	6,5	8,8
Canarias	107,5	5,2	5,1
Cantabria	97,3	4,1	5,5
Castilla y León	98,4	2,6	3,7
Castilla-La Mancha	97,9	3,7	8,3
Cataluña	105,4	1,8	5,1
Comunitat Valenciana	107,4	2,3	5,4
Extremadura	92,4	4,6	5,0
GALICIA	113,2	6,8	9,7
Madrid	102,6	5,6	9,1
Murcia	110,3	0,9	4,2
Navarra	103,9	8,8	10,0
País Vasco	98,9	0,2	4,1
Rioja, La	111,2	3,5	6,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	98,1	2,4	1,9
Comercio	94,9	2,0	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	84,2	-0,2	-0,3
Comercio por xunto	92,5	3,7	3,5
Comercio ao retallo	98,5	1,4	1,5
Outros servizos	100,8	2,8	1,9
Transporte	98,6	1,5	1,5
Hostalería	95,4	4,4	2,4
Información e comunicacións	88,2	2,3	1,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,4	2,0	-0,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,1	3,1	3,6
España			
Xeral	102,0	2,7	2,4
Comercio	99,9	2,2	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	92,4	2,5	2,3
Comercio por xunto	103,5	2,7	2,7
Comercio ao retallo	98,9	1,8	1,8
Outros servizos	103,4	3,0	2,6
Transporte	99,8	2,8	2,6
Hostalería	105,7	3,9	2,4
Información e comunicacións	98,9	2,2	1,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,2	1,8	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,2	3,4	3,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	102,0	2,7	2,4
Andalucía	100,3	0,9	1,3
Aragón	99,7	2,9	2,3
Asturias	94,4	2,2	1,7
Baleares, Illes	111,0	6,0	4,4
Canarias	105,0	3,5	3,7
Cantabria	102,1	4,0	3,4
Castilla y León	98,0	2,5	1,7
Castilla-La Mancha	100,1	2,3	1,8
Cataluña	106,4	3,5	3,0
Comunitat Valenciana	101,9	3,2	2,8
Extremadura	102,9	3,0	3,3
GALICIA	98,1	2,4	1,9
Madrid	98,8	2,0	2,0
Murcia	111,4	5,3	5,1
Navarra	105,6	3,7	3,5
País Vasco	103,5	2,0	2,0
Rioja, La	106,4	3,4	3,0

Fonte: INE